



NOTA INTERIOR	PORTOS DE GALICIA	
	Nº: 39/13	DATA: 9/04/2013
	DE: Sª Xª- ASESORIA XURIDICA	
	A: XEFA DA AREA DE EXPLOTACION E PLANIFICACION	

ASUNTO: REMISIÓN CERTIFICADOS DO CONSELLO DE ADMINISTRACION CELEBRADO O 21 DE MARZO DE 2013

Xunto coa presente remitense certificados do consello de administración de Portos de Galicia celebrado o pasado 21 de marzo de 2013 en relación aos seguintes acordos adoptados:

- Aprobación do documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Ares
- Aprobación dos pregos concesionais xerais en función do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Puertos del Estado y la Marina Mercante.
- Ⓞ Aprobación dos pregos concesionais de lonxas en función do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Puertos del Estado y la Marina Mercante.
- Instrucción do Consello de Administración sobre a xestión do servizo por contrato de xestión indirecta xunto coas correspondentes tarifas de servizo e a contraprestación á aboar ao contratista, todo elo de acordo co balance de explotación do servizo.
- Aprobación da orde dos prezos privados da publicación da Guía Básica de servizos náuticos de Galicia ”.

O Xefe da Sª Xª.-Asesoría Xurídica

Manuel Bautís Cheda





Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o día 21 de marzo de 2013 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

Vota abstención: D. Antonio Veiga Outeiro

Votan a favor todos os demais membros asistentes presentes, e coa suma dos votos delegados.

Por maioría absoluta dos membros asistentes presentes na sesión e coa concorrencia dos votos delegados, acordase a aprobación, polo Consello de Administración dos pregos concesionais de lonxas en función do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Puertos del Estado y la Marina Mercante ”.

O que se fai constar co visto e praxe do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a vinte e dous de setembro de dous mil once, dacordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRACE

O PRESIDENTE,





PREGO DE CONDICIÓN XERAIS POLAS QUE SE REXERAN AS CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS DE LONXAS PESQUEIRAS EN PORTOS E INSTALACIÓN PORTUARIAS QUE SEXAN DA COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Disposicións xerais

1ª.- O presente prego será de aplicación e regulará a concesión de ocupación do dominio público e as actividades portuarias inherentes á xestión de lonxas pesqueiras non construídas por particulares, no ámbito territorial dos portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coas modificacións que se poidan producir no futuro e con inclusión de todos os espazos e instalacións que se xestionen en concesión.

Aos efectos do establecido no presente prego, as lonxas pesqueiras se configuran como instalacións previstas para a exposición e primeira venda dos produtos pesqueiros frescos.

No non disposto no presente prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, de ser o caso, se establezan polos servizos técnicos competentes do ente público, estarase ao establecido na Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e no seu Regulamento, no Real decreto lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante (en adiante TRLPEMM), na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables na materia e, en particular, na normativa que regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

2ª.- A presente concesión administrativa destinarase exclusivamente ás actividades portuarias inherentes á explotación e xestión de lonxas pesqueiras.

O concesionario non poderá destinar os bens de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados.

Aos efectos do presente prego, consideraranse actividades portuarias de explotación dunha lonxa pesqueira as de xestión e intermediación na comercialización en primeira venda de produtos pesqueiros marítimos, vivos, frescos ou refrixerados, con inclusión de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

3ª.- O prazo de vixencia das concesións administrativas de lonxas pesqueiras en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia será de CINCO (5) ANOS salvo os dereitos preexistentes e sen prexuízo de terceiro. O cómputo deste prazo iniciárase o día seguinte ao da data de notificación ao concesionario da Resolución de outorgamento da concesión, agás naqueles supostos legalmente previstos nos que a posta a disposición dos terreos e das obras outorgadas en concesión sexa posterior á data de outorgamento, caso este no que o termo inicial da concesión coincidirá coa posta a disposición.

O prazo anterior poderá ser prorrogado por períodos sucesivos de cinco (5) anos ata un prazo máximo total, incluído o inicial, de TRINTA (30) ANOS se, a xuízo da Administración, non existe causa xustificada que o impida, e sempre que o concesionario non fora sancionado por infracción grave e se atopara ao corrente no cumprimento das obrigas derivadas da concesión, previa solicitude expresa do concesionario. A solicitude de prórroga deberá ser presentada como mínimo DOUS (2) MESES antes do vencemento do prazo.

O outorgamento da prórroga é facultade discrecional da Administración.

4ª.- O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles, e particularmente a autorización que sobre as condicións de explotación da propia lonxa lle corresponde á Consellería do Medio Rural e do Mar.



Deberá cumprir tamén co requisito de inscrición no Rexistro Galego de Empresas Haliolimentarias regulado polo decreto da Xunta de Galicia 420/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de Rexistro de Buques e de Empresas Haliolimentarias.

Tampouco estará exento o titular do aboamento dos impostos que lle sexan de aplicación, incluíndo o Imposto sobre Bens Inmóveis.

Cando calquera destes requisitos se obteñan ou cumprimenten con anterioridade á concesión, a súa eficacia quedará demorada ata que se outorgue a mesma.

5ª.- O concesionario virá obrigado a cumprir as disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, que afecten ao dominio público portuario concedido e ás obras e actividades que neste dominio público se desenvolven, especialmente as correspondentes a licencias e prescricións urbanísticas, así como as relativas ás zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as obras que se executen poidan ser obstáculo ao paso para o exercicio da vixilancia litoral nin das demais servidumes públicas que procedan.

6ª.- A garantía de explotación constituída a disposición do Presidente do ente público Portos de Galicia, será cancelada e devolta cando a concesión se extinga, unha vez realizado o pagamento das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total ou parcial por incumprimento do concesionario.

O incumprimento das obrigas económicas polo concesionario obrigado ao aboamento das liquidacións, e as responsabilidades de calquera outra índole en que poida incurrir e que permitan unha execución pecuniaria, habilitarán a execución ou disposición inmediata da garantía constituída.

Cando por aplicación do disposto no parágrafo anterior, Portos de Galicia tivera que dispoñer da garantía, total ou parcialmente, o concesionario virá obrigado a repoñela ou completala nun prazo dun mes, contado dende o acto de disposición. O incumprimento desta obriga, será causa de caducidade da concesión.

Durante o período que transcorra sen restituír ou completar a garantía fixada, Portos de Galicia, co obxecto de garantir o aboamento das taxas e tarifas polos servizos que se presenten no ámbito da súa competencia, poderá esixir o seu depósito previo.

Obras de mellora

7ª.- No caso de que o concesionario presentara unha proposta de execución de obras, instalacións e complementos no dominio público portuario para unha mellor calidade na explotación da lonxa, e esta fora aprobada por Portos de Galicia, o concesionario deberá executalas no prazo establecido na Resolución de outorgamento da concesión, que se concretará nas condicións particulares do título.

8ª.- A execución das obras levarase a cabo baixo o risco e responsabilidade do concesionario, quen deberá designar, antes da iniciación das obras, como Director das mesmas, a un técnico competente, segundo se acreditará ante Portos de Galicia.

9ª.- Se o concesionario incumprira o prazo de remate das obras ao que se refire a condición 7ª sen causa xustificada, a xuízo de Portos de Galicia, declararase a caducidade da concesión, quedando ao seu favor a garantía definitiva.

O concesionario poderá solicitar a prórroga do prazo establecido para o remate das obras, que será outorgada por Portos de Galicia se considera que a demora na finalización das obras está suficientemente xustificada e non perturba a prestación do servizo comercial.

10ª.- Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras para comprobar se as mesmas se axustan á proposta aprobada. Se se apreciara a existencia de desviacións en relación

2 1 MAR. 2013





coa proposta, comunicaráselle ao titular da concesión tal circunstancia e poderá Portos de Galicia acordar a paralización das obras ata que se corrixan os defectos observados.

11ª.- Rematadas as obras, o concesionario solicitará por escrito a Portos de Galicia o recoñecemento das mesmas, que se practicará con asistencia dos Servizos Técnicos competentes de Portos de Galicia e do concesionario e o seu técnico, levantándose plano e acta, os que se unirá unha descrición das obras efectuadas, que serán elevados á Presidencia de Portos de Galicia para a súa aprobación, se procede.

Na resolución da aprobación reflectirase expresamente, se non existira impedimento, a autorización de Portos de Galicia para o inicio da prestación do servizo comercial se a execución das obras de mellora o impidiran con anterioridade.

Se os Servizos Técnicos observaran que as obras construídas presentan variacións sensibles sobre as obras definidas na proposta aprobada que puideran supoñer unha modificación da concesión outorgada, o Presidente do Ente poderá adoptar unha das seguintes resolucións:

- a) Aprobar o recoñecemento final das obras se estima que a modificación non altera substancialmente a concesión nin require unha nova información pública.
- b) Tramitar a súa legalización mediante o procedemento correspondente se estima que, aínda que as variacións supoñan unha modificación substancial da concesión, non representan un prexuízo para o dominio público nin para a prestación do servizo de lonxa obxecto da concesión.
- c) Esixirlle ao concesionario que as obras se axusten ao proxecto aprobado se estima que as variacións representan un prexuízo para o dominio público ou para a prestación do servizo de lonxa. Neste caso, se o concesionario non o fixera no prazo que o Presidente estableza, procederase á incoación do expediente de caducidade da concesión.

Unha vez aprobada a acta de recoñecemento, as obras incorporaranse ao dominio público portuario obxecto da concesión.

12ª.- No caso de que o concesionario oferte obras de mellora das instalacións que requiran da presentación dun proxecto construtivo, deberá acreditar a constitución a disposición do Presidente de Portos de Galicia dunha garantía definitiva de construción equivalente ao 5 por cento do orzamento total das obras. Esta garantía de construción será devolta ao concesionario no prazo dun mes contado dende a aprobación do recoñecemento final das obras de mellora, con dedución das cantidades que no seu caso deban facerse efectivas en concepto de penalización e responsabilidades nas que puidera incurrir o concesionario fronte a Portos de Galicia.

13ª.- Na elaboración e execución das obras de mellora que así o requiran, deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conservación das instalacións

14ª.- O concesionario queda obrigado a conservar as obras, instalacións e terreos obxecto da concesión en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas.

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos, e sinalar as obras de reparación ou conservación que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas ao seu cargo no prazo que se lle indique.

Se o concesionario non realizara as obras de reparación ou conservación no prazo establecido por Portos de Galicia, este, de conformidade cos artigos 95 e 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, poderá proceder, previo apercibimento ao concesionario, á



execución subsidiaria das obras, sendo o importe dos gastos, así como os dos danos e prexuízos, a cargo do concesionario, e todo isto sen prexuízo das sancións que lle puideran corresponder e da incoación, no seu caso, do expediente de caducidade da concesión.

A destrución de todas ou da maior parte das obras e instalacións obxecto da presente concesión, sempre que se deba a caso fortuíto ou forza maior, dará dereito ao concesionario para optar entre a extinción da concesión sen indemnización algunha, ou á reconstrución á súa costa exclusiva das obras na forma e prazo que lle sinale Portos de Galicia, sen que, neste último suposto, se altere o prazo concesional primeiramente sinalado.

Se a destrución ocorrera por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anteriormente establecida corresponderá a Portos de Galicia, que poderá, en todo caso, obrigar ao concesionario á reconstrución das obras, sen prexuízo das demais responsabilidades que lle foran esixibles.

Taxas e gastos

15ª.- O concesionario aboará a Portos de Galicia, na forma que este Ente Público acorde, as taxas seguintes:

- a) Taxa por ocupación do dominio público portuario, conforme ao disposto para esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta taxa aboarase por semestres adiantados a partir da data de notificación da Resolución de outorgamento da concesión.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

A base sobre a que se aplica o tipo de gravame establecido, actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.

Asemade, a valoración poderá ser revisada cada cinco anos e, en todo caso, revisarase cada dez anos e sempre que se modifique o valor das obras e instalacións e o valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia (aprobados pola Orde do 2 de novembro de 2011), que se atope afectada pola devandita modificación, ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar ao seu valor.

Independentemente de que o aboamento da taxa está garantido pola fianza, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia.

Os períodos concretos de liquidación desta taxa serán os especificados nas condicións particulares do título e non poderán exceder dun ano.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

A base sobre a que se aplica o tipo de gravame establecido, actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.

Asemade, a valoración poderá ser revisada cada cinco anos e, en todo caso, revisarase cada dez anos e sempre que se aprobe ou modifique o plan de utilización dos espazos portuarios na parte da zona de servizo que se atope afectada pola devandita modificación, ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar ao seu valor.

Independentemente de que o aboamento da taxa está garantido pola garantía de explotación, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de

21 MAR. 2013



constrinximento, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

Cota Anual da Taxa: ver Condicións Particulares.

- b) Taxa por desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e de servizos.

No suposto de que as anteriores actividades impliquen a ocupación de dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, e o concesionario aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme o disposto no Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, alínea 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, subalínea 03 (letra A) - tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cota Anual da Taxa: ver Condicións Particulares.

Para todas as actividades comerciais, industriais e de servizos previstas neste apartado, no caso de que a taxa se esixa por adiantando, a súa contía calcularase para o primeiro exercicio sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico e de negocio, e nos exercicios sucesivos sobre os datos reais do ano anterior.

Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o devengo producirase no momento de notificación do outorgamento da autorización de actividade ou da concesión de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso. Non obstante, no suposto de que por execución de obras e outras causas xustificadas se producise unha demora no inicio da actividade, o devengo da taxa non se producirá ata o momento no que esta se inicie. Nos anos sucesivos o devengo producirase o 1 de xaneiro.

Considerarase data de inicio da actividade a do día seguinte ao da notificación de aprobación do recoñecemento final, agás que polas peculiaridades da concesión se sinale outra cousa nas condicións particulares.

No caso de que o concesionario obtivese autorización de Portos de Galicia para iniciar actividades parciais da concesión, de acordo co previsto na condición 13ª, o importe da taxa será a suma dos importes correspondentes ás actividades parciais iniciadas. Neste suposto considerarase data de inicio das actividades parciais as de notificación da aprobación dos correspondentes recoñecementos.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.


Independentemente de que o aboamento da taxa está garantido pola fianza, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia.

16ª.- Os tráfico portuarios que utilicen as instalacións obxecto da concesión, estarán suxeitos ao aboamento, a Portos de Galicia, das tarifas portuarias vixentes en cada momento, agás a correspondente á ocupación dos bens de dominio público obxecto da concesión.

17ª.- O concesionario deberá subministrarlle a Portos de Galicia, no prazo e na forma que este determine, a información técnica ou económica que lle solicite no exercicio das súas competencias, e canta documentación lle sexa requirida para o cálculo do importe das taxas que sexan aplicables. O incumprimento desta obriga será causa de caducidade da concesión.

18ª.- Os gastos orixinados polo anuncio da Resolución de outorgamento da concesión será a conta do concesionario.

Así mesmo, os gastos que se orixinen polo replanteo e recoñecemento das obras, así como pola inspección e vixilancia das mesmas, serán tamén de conta do concesionario.



Serán de conta do concesionario os impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación.

Actos de transmisión e de gravame

19ª.- Previa autorización de Portos de Galicia, a concesión poderán transmitirse por "actos intervivos", subrogándose o novo titular nos dereitos e obrigas derivados da concesión. Portos de Galicia poderá exercer os dereitos de tanteo e retracto no prazo de tres meses. O dito prazo computarase, no primeiro caso, dende a notificación polo concesionario das condicións en que vai proceder a transmitir a concesión, entre as que necesariamente terán que reflectirse as relativas ao prezo e formas de pagamento, e, no caso do retracto, dende que Portos de Galicia teña coñecemento expreso.

20ª.- Para que Portos de Galicia autorice a transmisión dunha concesión, deberanse cumprir as seguintes condicións:

- a) Que o concesionario se atope ao corrente no cumprimento de todas as obrigas derivadas da concesión.
- b) Que o novo titular reúna os requisitos esixidos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión.
- c) Que, dende a súa data de outorgamento, transcorra, polo menos, un prazo de dous anos.

21ª.- Nos supostos de remate xudicial, administrativo ou adxudicación de bens en xeral, Portos de Galicia poderá exercer o dereito de retracto nun prazo de tres meses a contar dende o momento en que teña coñecemento da adxudicación.

De ser o caso, o novo concesionario deberá subrogarse nas obrigas derivadas da concesión do antigo titular, e cando non reúna os requisitos para o exercicio da actividade ou prestación do servizo obxecto da concesión, deberá proceder nun prazo de doce meses á súa transmisión a un novo titular que cumpra os requisitos esixidos.

22ª.- O alleamento das accións, participacións ou cotas dunha sociedade, comunidade de bens ou outros entes sen personalidade xurídica que teñan como actividade principal a explotación da concesión, considerarase unha transmisión da concesión e esixirá a autorización previa de Portos de Galicia, sempre que o cambio na titularidade das accións ou participacións supoña unha substitución nos socios ou accionistas que o foran ao tempo de outorgamento da concesión, nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento do capital social, ou, cando ese cambio poida supoñer que o adquirente obteña unha posición que lle permita influír de maneira efectiva na xestión ou control da dita sociedade ou comunidade.

Se a sociedade titular cambia de denominación social, estará obrigada a notificalo a Portos de Galicia.

23ª.- En calquera dos supostos anteriores, a transmisión non será eficaz ata que non teña lugar o recoñecemento e a subrogación expresa por parte do novo ou novos titulares, no cumprimento das condicións establecidas na concesión.

24ª.- Sobre a presente concesión non é factible a constitución de hipotecas ou de calquera outro dereito de garantía que implique un gravame sobre a mesma. O incumprimento desta condición será causa de caducidade da concesión administrativa.

Extinción da concesión

25ª.- A concesión extinguirase polas seguintes causas:

- a) Vencemento do prazo de outorgamento.

21 MAR. 2013





- b) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- c) Renuncia do concesionario, aceptada pola Administración concedinte, sempre que non teña incidencia negativa sobre o dominio público ou a súa utilización ou cause prexuízos a terceiros.
- d) Mutuo acordo entre Portos de Galicia e o titular.
- e) Disolución ou extinción da sociedade titular da concesión agás nos supostos de fusión ou escisión. No suposto de que o concesionario incorra en situación legal de suspensión de pagos, virá obrigado a efectuar o depósito previo do importe dos servizos que a partir dese instante solicite a Portos de Galicia. En caso contrario, denegaráselle a prestación daqueles servizos.
- f) A declaración de quebra, de suspensión de pagos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento ou acordo de quita e espera.
- g) Revogación.
- h) Caducidade.
- i) Rescate.
- j) Extinción ou perda das licencias, permisos ou autorizacións que sexan legalmente preceptivas para o desenvolvemento da actividade.

26ª.- Cando se produza a extinción da concesión administrativa as obras e instalacións reverterán gratuitamente e libres de cargas a Portos de Galicia, podendo o concesionario retirar aqueles elementos da súa propiedade que non figuren na acta de recoñecemento, levantada de conformidade e en cumprimento da condición 11ª, e sempre que non estean unidos de maneira fixa ó inmovible e con isto non se produza quebrantamento ou deterioro do mesmo.

Da recepción por Portos de Galicia dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, no seu caso, o deterioro que presenten. Se existira deterioro, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, que se esixirá ao concesionario. Se este non cumprise esa obriga, responderá a garantía de explotación, e se esta non fora dabondo utilizarase, se fora necesario, o procedemento de constrinximento administrativo, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.


27ª.- Se Portos de Galicia decidise o levantamento das obras e instalacións, o concesionario queda obrigado a realizalo á súa costa no prazo de tres meses a contar dende o día seguinte ao de vencemento da concesión. Do cumprimento desta obriga responderá a garantía de explotación e, de non ser esta dabondo, procederase da maneira establecida na anterior condición 26ª.

Do cumprimento da presente obriga levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese, na que se reseñará se o estado en que quedan os bens é o ordenado por Portos de Galicia.

Se o concesionario non procedese á demolición e retirada das instalacións por el executadas, a satisfacción de Portos de Galicia, este executará a costa do concesionario e subsidiariamente os traballos non realizados.

No caso de que o concesionario non aboase voluntariamente os gastos da demolición e retirada das instalacións realizadas subsidiariamente por Portos de Galicia e a garantía de explotación non fose suficiente, poderase utilizar o procedemento de constrinximento citado na condición anterior.

28ª.- No caso de que os terreos de dominio público concedidos fosen necesarios, total ou parcialmente, para a execución de obras declaradas de utilidade pública ou para o cumprimento de esixencias dos servizos e, para realizar aquelas ou atender estes, fora preciso utilizar ou destruír as obras autorizadas pola presente concesión, a Administración poderá rescatar a concesión antes do vencemento, sen que o concesionario teña outro dereito que o de ser indemnizado, previa taxación



practicada na forma prevista na lexislación vixente na materia. O concesionario poderá asemade retirar libremente aqueles elementos da súa propiedade existentes na concesión que non foran relacionados na acta de recoñecemento final das obras de mellora e non estean unidos de maneira fixa ao inmovible, sempre que con isto non se produza quebrantamento nin deterioro do mesmo.

Realizada a entrega a Portos de Galicia dos bens rescatados, devolverase a garantía de explotación, a solicitude do concesionario, coa dedución, no seu caso, das cantidades que o concesionario deba facer efectivas polas responsabilidades en que puidera incurrir.

29ª.- 1.- Serán causa de caducidade da concesión os seguintes incumprimentos:

- a) A falta de pagamento de dúas liquidacións consecutivas en concepto de taxa por ocupación privativa do dominio público portuario.

Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo si antes de ditar resolución se produce o aboamento do adebedado no procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.

- b) A non prestación das actividades de explotación de lonxa durante un prazo superior a un mes, a non ser que obedeza a xusta causa.
- c) O desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto da concesión.
- d) O incumprimento do prazo establecido para o inicio da actividade.
- e) A modificación ou ampliación das obras ou instalacións obxecto da concesión, durante a vixencia da mesma, sen a previa autorización da Administración.
- f) O arrendamento da concesión.
- g) A transmisión da concesión sen a previa autorización da Administración.
- h) A constitución de hipotecas e outros dereitos de garantía sobre a concesión.
- i) A non reposición ou complemento da garantía, previo requirimento de Portos de Galicia.
- j) O incumprimento doutras condicións nas que a inobservancia estea expresamente prevista como causa de caducidade no título de outorgamento, e/ou das básicas ou decisorias para a adjudicación do concurso convocado para o seu outorgamento.

29.-2.- Nos casos de infracción grave o moi grave conforme á lexislación aplicable, e nos casos de prestación deficiente da actividade que poida ocasionar a apertura de expedientes administrativos sancionadores, Portos de Galicia, previa audiencia do concesionario, poderá declarar a caducidade da concesión administrativa.

30ª.- O expediente de caducidade da concesión tramitarase con arranxo ao preceptuado nas disposicións vixentes sobre a materia.

A declaración de caducidade comportará a perda da garantías constituídas en cada momento, e unha vez declarada a caducidade da concesión, o titular da mesma non terá dereito a ningunha indemnización polas obras construídas.

31ª.- Á extinción da concesión, Portos de Galicia tomará posesión das obras e instalacións, podendo obter das empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga, gas e telefonía a suspensión da subministración.

32ª.- Cando por extinción da concesión, se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente os dereitos reais ou persoais que puideran ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as obras e instalacións obxecto da reversión. Tampouco asumirá Portos de Galicia os contratos de traballo que puidera ter concertado o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, polo tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a sucesión de empresa prevista no artigo 44 do texto refundido de Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo

21 MAR. 2013



Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, nin que Portos de Galicia sexa o empresario principal da actividade realizada polo concesionario, aos efectos do artigo 42 do dito texto refundido.

As normas sinaladas no parágrafo anterior serán igualmente aplicables a todos os supostos de extinción, sen prexuízo de que nos casos de rescate poidan os terceiros interesados exercer as accións que lles correspondan sobre a cantidade que, no seu caso, puidera percibir o concesionario como consecuencia da extinción da concesión.

Sancións

33ª.- O incumprimento das condicións da concesión, sen prexuízo da súa caducidade, poderá ser constitutiva de infracción e ser sancionada de conformidade coa lexislación vixente na materia.

As sancións administrativas son independentes doutras responsabilidades que, no seu caso, sexan esixibles.

As infraccións serán sancionadas previa instrución do oportuno expediente administrativo na forma establecida na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

Sobre condicións aplicables á actividade de xestión de lonxas

34ª.- O concesionario poderá realizar nos bens de dominio público obxecto da concesión exclusivamente as actividades e operacións necesarias para a realización de actividades inherentes á xestión e explotación de lonxas pesqueiras que se mencionan na condición 2ª.

35ª.- O concesionario xestionará a actividade da concesión ao seu risco e ventura. Portos de Galicia en ningún caso será responsable das obrigas contraídas polo concesionario nin dos danos e prexuízos causados por este a terceiros.

36ª.- O concesionario deberá comezar a prestar a actividade dentro dos dous meses seguintes á data de outorgamento da concesión. O incumprimento deste prazo por causas non xustificadas, a xuízo de Portos de Galicia, será causa de caducidade da concesión.

O concesionario poderá solicitar unha prórroga deste prazo, que será outorgada por Portos de Galicia se as razóns expostas polo concesionario estiveran xustificadas a xuízo de Portos de Galicia. O incumprimento desta prórroga será causa de caducidade da concesión.

O concesionario notificará a Portos de Galicia, cunha antelación mínima de DEZ (10) DÍAS, a data de comezo da prestación da actividade.

Previamente ao comezo das actividades, o concesionario deberá presentar ao ente público Portos de Galicia, o regulamento de réxime interior ao que se refire o Decreto 419/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños, regulamento que previamente deberá de ser aprobado pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

Dado que a aprobación do Regulamento é requisito indispensable para que se autorice a iniciación da explotación, o concesionario deberá presentar este coa antelación suficiente para que poida cumprirse o prazo estipulado para o inicio da prestación da actividade.

En todo caso, o concesionario deberá suxeitarse á normativa sobre control e aprobación de tarifas e prezos sobre as descargas e o control da descarga e das poxas que lle corresponden á Consellería do Medio Rural e do Mar.

37ª.- Os concesionarios, para responder dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, estarán obrigados a concertar un seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil cunha cobertura mínima de TRESCENTOS MIL (300.000) EUROS por sinistro, no prazo máximo dun mes a contar dende a notificación da resolución de



outorgamento da concesión, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha copia da póliza e do recibo de pagamento da mesma.

A non acreditación da póliza no prazo antes sinalado implicará a extinción automática da concesión que quedará condicionada a estes efectos, e a incautación da garantía depositada.

Será por conta do concesionario o custo deste seguro, debendo xustificar cando se lle requira que se atopa ao corrente no pago das primas.

38ª.- A non prestación das actividades de xestión de lonxa por un prazo superior a UN (1) MES, será causa de caducidade da concesión, a non ser que obedeza a xusta causa. Corresponde a Portos de Galicia, en cada caso concreto, cualificar as causas alegadas polo concesionario para xustificar a inactividade. Se Portos de Galicia considera non axeitadas as causas alegadas polo concesionario, procederase á incoación de expediente de caducidade da concesión.

39ª.- Durante a vixencia da concesión, o titular desta non poderá realizar ningunha modificación ou ampliación das instalacións ocupadas sen a previa autorización de Portos de Galicia. O incumprimento desta condición será causa de caducidade da concesión.

40ª.- Compete a Portos de Galicia a inspección e policía das actividades para asegurar a boa marcha da xestión da lonxa.


Co obxecto de comprobar o cumprimento das obrigas impostas ao concesionario, Portos de Galicia poderá acordar a práctica das visitas de inspección que considere oportunas ás instalacións, levantándose as oportunas actas.

41ª.- O concesionario deberá cumprir en todo momento o disposto na lexislación vixente en cada momento en materia de lonxas, primeira venda da pesca, réxime tarifario dos portos e demais relacionadas co servizo de lonxa, e, en especial na actualidade a Directiva 91/493, a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca marítima de Galicia, o Decreto Autonómico 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, o Decreto 177/1986, do 4 de xuño sobre explotación de naves para depósito e clasificación de produtos pesqueiros en zonas de servizo de portos da Comunidade Autónoma, o Decreto 290/1986, de 18 de setembro, que regula as tarifas por servizos de portos da Comunidade Autónoma, a Orde, do 27 de maio de 2005, da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula a descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa, y establece o procedemento para a súa autorización, a Orde, do 22 de setembro de 1986, da Comunidade Autónoma de Galicia que regula a guía de lonxa, a Orde do 8 de febreiro de 2008, que regula o control da descarga e o transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados y gasterópodos mariños vivos, a Orde do 5 de xuño de 2008, que regula a captura e desembarco de determinadas especies peláxicas, a Orde do 7 de febreiro de 2008, que establece o sistema de transmisión de datos na fase de primeira venda da pesca fresca, o Real Decreto 1822/2009, do 27 de novembro, que regula a primeira venda dos produtos pesqueiros e o Real Decreto 607/2006, de 19 de maio. O incumprimento desta condición poderá ser causa de caducidade da concesión, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.

42ª.- O concesionario disporá dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento da actividade en condicións axeitadas de eficacia e seguridade.

A explotación prestarase en condicións de absoluta normalidade en canto a seguridade, salubridade e hixiene, suprimindo as causas que orixinen molestias, inconvenientes ou pérgo para os usuarios. A actividade só poderá suspenderse polo concesionario por causas excepcionais, debidas a caso fortuíto ou de forza maior, ou por razóns de seguridade ou de urxentes reparacións, debendo adoptar neste caso o concesionario as medidas de emerxencia que portos de Galicia lle imponha para o restablecemento da normalidade da explotación, sen dereito a indemnización algunha polos gastos que tivera que afrontar por obras ou novas instalacións.

21 MAR. 2013





É obriga do concesionario subministrar pola súa conta, o material de consumo correspondente, tal como xabón, toallas dun so uso, etc.

43ª.- Todo o persoal necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto da concesión será por conta e a cargo do titular, que deberá de cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de seguridade social e, en especial, de acordo co disposto no artigo 70 do Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social, deberá de formalizar coa mutualidade laboral correspondente a protección das contingencias de accidentes de traballo e de enfermidade do persoal ao seu servizo.

Todo o persoal, calquera que sexa o seu réxime laboral, utilizado polo concesionario para desenvolver as súas actividades no porto, e sempre que así o estipule Portos de Galicia, deberá estar autorizado expresamente polo ente público para acceder ao recinto portuario, e deberá levar en todo momento perfectamente visible a tarxeta identificadora que se lle expida.

Igual autorización precisará o persoal de calquera empresa, distinta do titular da concesión, que realice traballos de calquera índole para este.

O concesionario deberá dispoñer de persoal con formación axeitada e nun número que sexa dabondo para a execución das actividades propias da concesión, debendo estar en posesión de todos os títulos e requisitos establecidos na lexislación vixente para este tipo de actividades.

No caso de cese da explotación por calquera causa, Portos de Galicia non se fará cargo deste persoal nin asumirá ningunha obrigación respecto ao mesmo.

44ª.- Os concesionarios deberán manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborarán toda a documentación relativa ás obrigas que lles impón a dita lexislación, documentación que deberán conservar a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia.

A acción preventiva deberá comprender todos os traballos, de calquera natureza, desenvolvidos polo titular nas instalacións concesionais e, en xeral, na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva do titular deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan nas instalacións terceiros que efectúan algún traballo pola súa conta.

45ª.- O concesionario responderá dos danos e prexuízos, e asumirá cantas responsabilidades lle poidan corresponder fronte á Administración ou terceiros afectados polo desenvolvemento das operacións obxecto desta actividade, e que sexan consecuencia das súas propias actuacións, tanto por acción como por omisión.

En canto á responsabilidade en materia sancionadora estarase ao establecido no artigo 310 do TRLPMM.

46ª.- O concesionario deberá organizar a venda dos diferentes tipos de pesca cos horarios axeitados ás arribadas da flota e reexpedición de mercancía, tendo en conta as características especiais das capturas dos diferentes tipos de flotas. Os horarios de venda e as condicións dos mesmos, inclusive a súa modificación, deberán someterse á aprobación da Consellería do Medio Rural e do Mar.

47ª.- Baixo ningunha circunstancia se poderá depositar ou manipular na nave aparellos, artes de pesca ou calquera outro tipo de material alleo ás actividades específicas da lonxa.

48ª.- Serán a cargo do concesionario os gastos de electricidade, auga, servizo telefónico, recollida de lixo e calquera outros necesarios para a realización de actividades, así como a tramitación das autorizacións e permisos necesarios, as acometidas e o pagamento dos dereitos correspondentes.



Se os servizos xerais do porto foran insuficientes para as necesidades das instalacións obxecto da concesión, o concesionario deberá acometer á súa conta as obras de ampliación e mellora necesarias, previa tramitación da concesión ou autorización administrativa que corresponda.

49ª.- Os vertidos de augas residuais e das procedentes de lavado de depósitos ou de escorrentía superficial deberán cumprir coas normas vixentes en materia de vertidos. Cando as instalacións non satisfagan as normas aplicables, o concesionario estará obrigado a realizar, nos prazos que se sinalen, as correccións necesarias ata que, a xuízo da autoridade competente, se cumpran as ditas normas. O incumprimento reiterado destas normas será causa de caducidade da concesión.

Á marxe do establecido nesta condición, o concesionario cumprirá toda a lexislación ambiental vixente que lle sexa de aplicación, aportará cando se lle esixa as evidencias do cumprimento desta lexislación, e atenderá de maneira inmediata as instrucións que en cada caso dite Portos de Galicia para garantir a protección medioambiental e a calidade das operacións.

De maneira voluntaria, e de dispoñer deles, executarán as accións preventivas definidas no seu sistema integrado de xestión da calidade e o medio ambiente, e incluírán no mesmo as instrucións técnicas de Portos de Galicia e calquera outra normativa reguladora da actividade, e enviarán a Portos de Galicia unha copia das auditorías periódicas que se realicen no sistema integrado de xestión.

A xestión da calidade establecida pola empresa para as súas actividades, deberá garantir a transmisión das normas establecidas por Portos de Galicia a terceiros vinculados coas súas actividades. Non obstante, a comunicación das normas non libera ao concesionario das súas responsabilidades polo incumprimento, por parte de terceiros ao seu cargo, das normas establecidas por Portos de Galicia.

50ª.- O titular da concesión, sen prexuízo do disposto no regulamento de réxime interior aprobado pola Consellería do Medio Rural e do Mar, está obrigado a prestar os seus servizos a cantos usuarios do porto o soliciten, agás no caso no que o usuario incorrera en falta de pagamento non xustificado de servizos anteriormente prestados ou se dean circunstancias que, a xuízo de Portos de Galicia, desaconsellen a prestación de servizos a un determinado usuario. A non prestación de servizos a un usuario requirirá en calquera caso a previa conformidade de Portos de Galicia.

51ª.- O concesionario estará obrigado a recadar e entregar a Portos de Galicia na forma que este determine, o importe da tarifa aplicable á pesca (na actualidade X-4), de acordo coas disposicións nesta materia vixentes en cada momento.

O concesionario estará obrigado a practicar as liquidacións e aboar a correspondente cantidade a Portos de Galicia mensualmente. O aboamento efectuarase dentro do mes seguinte ao da liquidación correspondente.

A efectos de comprobación da liquidación, o concesionario deberá entregar mensualmente a Portos de Galicia, co formato que este determine, a documentación xustificativa da dita liquidación, que consistirá nunha relación detallada do importe das vendas efectuadas por cada embarcación durante o mes correspondente, reflectindo as cantidades vendidas de cada especie co seu importe correspondente.

O concesionario deberá enviar, así mesmo, unha copia dos documentos de transporte ou, no seu caso, das guías de descarga, previstos na lexislación citada anteriormente, expedidos durante o mes da liquidación para aqueles casos nos que a pesca descargada non sexa vendida na lonxa.

O concesionario deberá levar un libro no que se reflectan diariamente as operacións efectuadas, en especial as contías vendidas de cada especie, nome do buque e nome do comprador. Portos de Galicia poderá inspeccionar este libro cando o considere oportuno.

A subministración de datos incorrectos polo concesionario sancionarase de acordo coa lexislación vixente nestas materias.

A falta de pagamento desta tarifa durante un prazo de máis de SEIS (6) MESES será causa de caducidade da concesión.

52ª.- Portos de Galicia aboalle mensualmente ao concesionario, como retribución pola carga derivada da xestión da taxa que se menciona na anterior condición 51ª, o 0,04 por 100 do importe das

21 MAR. 2013





vendas efectuadas no mes correspondente. Esta cantidade inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido vixente en cada momento. Para proceder ó seu aboamento a entidade concesionaria emitirá factura mensual pola contraprestación dos servizos de lonxa.

Así mesmo, o concesionario terá dereito a cobrar aos usuarios do servizo as tarifas que neste caso serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

53ª.- O concesionario deberá facilitarlle aos usuarios información acerca das condicións de explotación da lonxa sempre que sexa solicitada por estes. Poderán ser obxecto de consulta, entre outras materias, as seguintes:

- a) As tarifas, os seus cambios de nivel, estrutura ou condicións de aplicación.
- b) As recargas sobre as tarifas básicas e as bonificacións por uso frecuente ou por outros conceptos.
- c) O funcionamento, estrutura e calidade do servizo e a súa adecuación ás necesidades dos usuarios, así como os defectos de implantación de novas técnicas ou racionalización do servizo.

54ª.- O concesionario ten a obriga de colaborar con Portos de Galicia e coa Consellería do Medio Rural e do Mar no estudo das melloras na prestación, que non supoñan carga económica adicional ás establecidas na adxudicación. Ademais pode, por propia iniciativa, propoñer cambios que en ningún caso poderán implicar detrimento na prestación do servizo.

O concesionario proporcionará a Portos de Galicia, coa periodicidade e formato que este determine, cantos datos estatísticos sexan necesarios para a realización de estudos coa finalidade de mellorar a prestación do servizo e planificar futuras actuacións.

Disposicións finais

55ª.- Con arranxo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e en calquera caso sempre que veña imposto por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións impostas aos titulares desta concesión, previa audiencia dos interesados, cando se modifiquen as condicións do presente prego regulador. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao nela disposto. Transcorrido o dito prazo sen que teña lugar a adaptación, as concesións quedarán sen efecto.

56ª.- As reclamacións sobre aplicación ou interpretación deste prego, agás as reclamacións relativas á aplicación de taxas, serán resoltas pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

As reclamacións relativas á aplicación de taxas serán resoltas pola Dirección de Portos de Galicia e serán recorribles na vía económico-administrativa.

57ª.- Este prego de condicións será de aplicación dende o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia.

58ª.- Serán de conta dos adxudicatarios todos os gastos que se ocasionen con motivo desta concesión.

